



MEMORIA XUSTIFICATIVA RELATIVA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA – INEGA E A FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO PARA A MELLORA DA ILUMINACIÓN ARQUITECTÓNICA NA SALA ROMÁNICO DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O director do Departamento de Enerxía da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA: Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar ca Fundación Catedral de Santiago, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e remata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións básicas entre o INEGA e a FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO, para a realización do proxecto de mellora da iluminación arquitectónica, incluíndo a mellora da súa eficiencia enerxética, da Sala Románica da Catedral de Santiago de Compostela, consistente na substitución dos carrís e proxectores existentes por outros novos especiais e innovadores na iluminación de museos polo seu reducido tamaño e eficiencia, contando cunha alta protección lumínica para obras de arte, de baixo consumo, dotados de sensores de presenza que optimizan o acendido so cando é necesario e sistema DALI de control intelixente da iluminación que permite xestionara intensidade e cor das luces, todo elo contribuindo a un aforro enerxético estimando dun 82% xa que os proxectores que se retiran son de 55 W de os novos de 12 W.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre os seus fins figuran "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que a Fundación Catedral Santiago ten entre os seus fins, a promoción, fomento e difusión da Catedral de Santiago de Compostela, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural, así como a xestión, explotación e posta en valor das infraestruturas da Catedral de Santiago, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.





Que para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o Inega achegará a cantidade de corenta mil euros (40.000,00 €) IVE engadido, equivalente ao 86,09% do custe subvencionable, con cargo a aplicación orzamentaria 09.A3.733A.781.0 (proxecto 201600010) do seu orzamento de gastos para o ano 2025, segundo o cadro seguinte:

CONCEPTO	PRECIO	UNIDADES	SUBTOTAL	IVA	TOTAL
Proxectores y filtros iluminación arquitectónica	28.600,00€	1	28.600,00€	21%	34.606,00€
Sensores de presenza	500,00€	1	500,00€	21%	605,00€
Instalación e cableado	4.800,00€	1	4.800,00€	21%	5.808,00€
Axustes lumínicos	1.000,00€	1	1.000,00€	21%	1.210,00€
Dirección de obra	2.000,00€	1	2.000,00€	21%	2.420,00€
Posta en marcha	500,00€	1	500,00€	21%	605,00€
Estudio lumínico	1.000,00€	1	1.000,00€	21%	1.210,00€
BASE IMPONIBLE					38.400,00€
IVE 21%					8.064,00€
TOTAL					46.464,00€

No texto do convenio ponse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social e económico, co fin de mellorar a eficiencia enerxética do patrimonio histórico, artístico e cultural galego.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á a sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director do departamento de Enerxía
Javier Domínguez González

